



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

XVIII FEIRA MEDIEVAL

VIII CONCURSO DE AXUDAS PARA A CONFECCIÓN DE TRAXES MEDIEVAIS

BASES DE PARTICIPACIÓN

Primeira

O Concello de Monforte de Lemos convoca o **VIII CONCURSO DE AXUDAS PARA A CONFECCIÓN DE TRAXES MEDIEVAIS**, actividade que se realizará dentro do programa de actos da **XVIII FEIRA MEDIEVAL** do ano 2022. O concurso desenvolverase do 8 ó 22 de febreiro de 2022.

Segunda

O obxectivo deste concurso é aumentar a participación da veciñanza nos diferentes actos da *feira medieval* que terá lugar os días 16 e 17 de abril de 2022.

Terceira

Os/as veciños/as interesados/as en participar neste concurso de axudas para a confección de traxes medievais deberán chamar entre o 8 ó 22 de febreiro de 2022 ás radios *Principal Cadena Ser e Onda Cero Monforte* durante a emisión local de luns a venres e contestar a unha pregunta formulada polo/a locutor/a referida a Monforte.

O número máximo de persoas participantes será de 60 e non poderán participar aquelas que xa recibiran a axuda nos concursos de confección de traxes medievais dos últimos tres anos.

Cuarta

As radios colaboradoras emitirán unha lista o 24 de febreiro das persoas que acertasen as preguntas co seu nome e teléfono de contacto, estas persoas pasarán polo concello do 25 de febreiro o 2 de marzo a realizar unha solicitude formal no rexistro municipal para que sexan subvencionadas cunha cantidade máxima de 40,00 € por persoa. Subvención que deberá ser empregada na confección e elaboración dun traxe medieval que se lucirá nos actos da feira medieval os días 16 e 17 de abril de 2022.

O concello, despois do informe do Departamento de Cultura no que se porá de manifesto que os solicitantes coincidan coas persoas que acertaron a pregunta no programa de radio e que non houberan participado en concursos anteriores, comprobará que se atopan ó corrente de obrigas tributarias co Concello de Monforte e ditará unha resolución acordando conceder a condición de beneficiarios ós que cumpran os requisitos, unha vez verificado que non exista impedimento legal para recibir a subvención.

Quinta

Os beneficiarios da axuda, terán que xustificar a súa participación na Feira Medieval durante os días 16 e 17 de abril presentándose co seu traxe na Oficina de información da Feira Medieval sita na praza de España.

... segue no reverso ...

Sexta

Unha vez celebrada a Feira Medieval, os beneficiarios da subvención e entre o 18 e o 25 de abril deberán presentar ao seu nome no rexistro do Concello de Monforte a factura xustificativa do gasto da tenda colaboradora coa Feira Medieval onde realizou o seu traxe, polo importe concedido como mínimo, no que conste o pago e o concepto.

Unha vez comprobado que a factura reúne todos os requisitos legais e que os beneficiarios participaron na XVIII Feira Medieval, o concello emitirá unha resolución recoñecendo a obriga a favor dos beneficiarios e procederá ao pago das axudas.

Sétima

Os participantes neste concurso **non poderán** participar no **Concurso de Traxes Medievais** convocado polo Concello.

Oitava

As tendas colaboradoras co Concello de Monforte no *concurso de axudas para traxes medievais* son:

 **TEXIDOS PHILDAR** (Rúa Doutor Casares, 12)

 **RETALES MERCE** (Rúa Doutor Teijeiro, 38)

 **NITA VEIGA** (Rúa Cardeal Rodrigo de Castro, 6) (*)

 **GNOMOS** (Rúa Manuel Hermida Balado, 10)

(*) Só adquisición de telas.

Para calquera cuestión ou aclaración adicional poderán dirixirse á Concellería de Cultura do Concello de Monforte de Lemos (Campo de Santo Antonio, s/n., Teléfono 982402501)